



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Xaneiro 2020


Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2020

Instituto Galego de Estatística
Complejo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de producción industrial (IPI). Xaneiro 2020

- O Índice de producción industrial (IPI) de Galicia, registrou en xaneiro de 2020 un crecemento do 2,9% con respecto a xaneiro de 2019, mentres que a nivel nacional rexistrouse unha baixada do 3,6%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo, equipo e intermedios creceron un 4,2%, 11,2% e 1,2% respectivamente. Pola contra, a enerxía decreceu un 3,3%.
- Por ramas de actividade a achega positiva mais destacable corresponde á “fabricación de vehículos de motor” que suma 3,5 puntos, a “reparación e instalación de maquinaria e equipamento” que engade 0,9 puntos e a “industria da alimentación” que suma 0,7 puntos á taxa interanual.
- Polo contrario, entre as que mostran maiores achegas negativas destacan: a “producción de enerxía eléctrica” e a “fabricación de produtos metálicos”, que minoran 0,8 puntos cada unha e a “fabricación doutro material de transporte” xunto coa “fabricación de bebidas”, que restan 0,7 puntos cada unha á taxa interanual.

Índice de producción industrial (IPI). Xaneiro 2020



1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de xaneiro de 2020 rexistrou en Galicia un avance do 2,9% en taxa interanual, inda que empeora en 3,7 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (6,5%). En España, rexistrouse un retroceso do 3,6%, empeorando en 5,7 puntos a taxa acadada no mes anterior (2,1%).

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un crecemento do 4,2%, o que achega 0,9 puntos á taxa interanual.
- Os **bens de equipo** rexistran unha taxa do 11,2%, o que suma 2,6 puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** suben un 1,2%, cunha repercusión positiva de 0,3 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que retrocede un -3,3% restando 1,0 puntos á taxa de variación interanual do conxunto.

Comparando cos crecementos interanuais de decembro de 2019, por destino económico todos empeoran: os bens de consumo empeoran 8,1 puntos, os bens de equipo empeoran 2,0 puntos, os bens intermedios empeoran 4,3 puntos e a enerxía empeora 2,3 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.


As ramas máis destacables que presentan maiores achegas positivas á taxa interanual de xaneiro foron a “fabricación de vehículos de motor” que suma 3,5 puntos, a “reparación e instalación de maquinaria e equipamento” que engade 0,9 puntos e a “industria da alimentación” que suma 0,7 puntos á taxa interanual.

No que respecta ás repercusións negativas destacan: a “produción de enerxía eléctrica” e a “fabricación de produtos metálicos”, que minoran 0,8 puntos cada unha e a “fabricación doutro material de transporte” xunto coa “fabricación de bebidas”, que restan 0,7 puntos cada unha á taxa interanual.

3. Índices por comunidades autónomas


Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes de xaneiro moveuse entre o -12,1% de Andalucía e o 8,6% de Navarra. Ademais da devandita, presentan taxas interanuais superiores á media estatal: Galicia (2,9%), Comunitat Valenciana (-0,6%), Castilla y León (-0,7%), Canarias (-1,5%), Murcia (-1,7%), Extremadura (-1,7%), Madrid (-2,3%), Aragón (-2,7%) e Cantabria (-3,5%).

IPI xaneiro 2020 Taxas de variación en %



4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa JDemetra+.



Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C, D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Xaneiro 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		REPERCUSIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia					
Xeral	108,6	2,9	2,9	--	--
Bens de consumo	101,8	4,2	4,2	0,9	0,9
Bens de equipo	106,3	11,2	11,2	2,6	2,6
Bens intermedios	114,3	1,2	1,2	0,3	0,3
Enerxía	111,3	-3,3	-3,3	-1,0	-1,0
España					
Xeral	103,7	-3,6	-3,6	--	--
Bens de consumo	101,4	-3,7	-3,7	-0,9	-0,9
Bens de equipo	104,1	-2,1	-2,1	-0,5	-0,5
Bens intermedios	106,3	-2,8	-2,8	-0,9	-0,9
Enerxía	102,4	-6,2	-6,2	-1,4	-1,4

Fonte: INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Xaneiro 2020

Ramas	VARIACIÓN (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
Total	2,9		2,9		
Fabricación de vehículos de motor, remolques e	31,1	3,5	31,1	3,5	13,1
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	30,5	0,9	30,5	0,9	4,1
Industria da alimentación	5,4	0,7	5,4	0,7	13,2
Confección de roupa de vestir	17,8	0,6	17,8	0,6	4,1
Fabricación de material e equipamento eléctrico	20,2	0,3	20,2	0,3	1,4
Outras industrias manufactureiras	31,4	0,2	31,4	0,2	0,5
Fabricación de mobles	24,3	0,2	24,3	0,2	1,1
Outras industrias extractivas	15,7	0,1	15,7	0,1	1,1
Industria téxtil	17,4	0,1	17,4	0,1	0,6
Industria química	3,0	0,1	3,0	0,1	1,5
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	1,1	0,0	1,1	0,0	2,5
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	-2,5	-0,1	-2,5	-0,1	3,6
Industria do papel	-5,6	-0,1	-5,6	-0,1	2,2
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	-6,4	-0,2	-6,4	-0,2	2,6
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	-8,1	-0,2	-8,1	-0,2	2,0
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	-5,0	-0,2	-5,0	-0,2	5,1
Fabricación de bebidas	-19,3	-0,7	-19,3	-0,7	3,5
Fabricación doutro material de transporte	-36,2	-0,7	-36,2	-0,7	2,0
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-3,3	-0,8	-3,3	-0,8	22,3
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	-8,8	-0,8	-8,8	-0,8	7,7
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	0,8
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	0,9
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	0,1
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	0,2
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	1,3
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	2,8

Fonte: INE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Xaneiro 2020

CCAA	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
España	103,7	-3,6	-3,6
Galicia	108,6	2,9	2,9
Andalucía	98,0	-12,1	-12,1
Aragón	103,8	-2,7	-2,7
Asturias	101,0	-8,1	-8,1
Baleares (Illes)	80,1	-6,8	-6,8
Canarias	97,6	-1,5	-1,5
Cantabria	113,1	-3,5	-3,5
Castilla - La Mancha	101,8	-4,9	-4,9
Castilla y León	97,7	-0,7	-0,7
Cataluña	103,8	-5,5	-5,5
Comunitat Valenciana	103,5	-0,6	-0,6
Extremadura	100,9	-1,7	-1,7
Madrid	105,2	-2,3	-2,3
Murcia	110,7	-1,7	-1,7
Navarra	121,0	8,6	8,6
País Vasco	104,8	-5,1	-5,1
Rioja (La)	89,3	-4,9	-4,9

Fonte: INE